
Sobre a vogal temática dos verbos galegos*

Francisco Dubert García
Instituto da Lingua Galega

Resumo:

Neste traballo pretendo demostrar o carácter léxico da vogal temática dos verbos galegos. Para iso, primeiro tentarei mostrar que a vogal temática carece de natureza primariamente flexiva; segundo, que os usos flexivos da vogal temática son secundarios e non diferentes dos usos flexivos da raíz dos verbos, polo que non alteran o estatus léxico deste formante; terceiro, que tódolos comportamentos anómalos das vogais temáticas nos verbos regulares poden ser explicados a partir de diferentes tipos de procesos fonolóxicos. De feito, a vogal temática será considerada resultado dunha condición de boa formación fonolóxica dos temas verbais. Desta maneira, a vogal temática nin sequera é considerada un morfema ou un signo mínimo, senón un mero formante fonolóxico do significante dun signo.

Palabras chave:

Verbo. Vogal temática. Derivación. Flexión.

Abstract:

The aim of this paper is to demonstrate the lexical character of the thematic vowel of Galician verbs. With this aim, first I will try to show that the thematic vowel lacks a primarily inflectional nature; second, that the inflectional uses of the thematic vowel are secondary and not distinct from the inflectional uses of the root vowels, so that their lexical status remains unaffected; third, that the anomalous behavior of the thematic vowels in the regular verbs can be explained by different types of phonological processes. In fact, the thematic vowel will be considered the result of a phonological well-formedness condition of the verbal themes. In that sense, the thematic vowel cannot be considered a morpheme or a minimal sign, but a mere phonological formative of the sign's significant.

Key words:

Verb. Thematic vowel. Derivation. Inflection.

Thematic vowel. *In the older IE languages, a vowel which is always present after certain lexical stems and before any inflectional suffixes. Nouns, verbs and adjectives may exhibit such a thematic vowel, and each of these may be divided into several subclasses depending on which of the several thematic vowels is present, plus a further subclass in which no thematic vowel is present. (Trask 2000, s.v. thematic vowel)*

* Agradezo os comentarios con que María Álvarez de la Granja, Sonia Colina e Elisa Fernández Rei contribuíron a mellorar este traballo. Os erros que aquí se conteñan son, naturalmente, só responsabilidade miña.

0. Introducción

Existe na conxugación dos verbos galegos un segmento denominado vogal temática que presenta diferentes interpretacións segundo os autores da nosa tradición gramatical que se consulten. Por exemplo, Porto Dapena (1972) non identifica na conxugación verbal un compoñente ó que chame vogal temática. A propósito de alternancias coma as de *ama-r* ou *ama-ba* fronte a *am-o*, *am-ei* ou *am-ou*, fala da existencia de dous alomorfos do “leisema” (secuencia de fonemas que expresa o contido xeral da acción): *ama-* e *am-*. Desta maneira, a vogal en cuestión é parte do formante léxico dun verbo,

poisque, se comparamos verbos como *podar / poder*, *mentar / mentir* [...], veremos que á alternancia *a/e/i* corresponden significados diferentes non no prano gramatical, senón no léxico, e, polo tanto, tales vocáis hainas que interpretar como pertencentes ao leisema (Porto Dapena 1972: 25).

Por esta razón, as terminacións *-ei* ou *-ou* de *amei* e *amou* son para el expoñentes indescompoñibles da P1 Singular do Indicativo Pretérito e a P3 Singular do Indicativo Pretérito, respectivamente (1972: 26); e os verbos do galego teñen dous alomorfos no ‘leisema’: na C-I, raíz + Ø (*am-*) e raíz + a (*ama-*); na C-II, raíz + Ø (*com-*) e raíz + e, i (*come-* ou *comi-*); e na C-III, raíz + Ø (*part-*) e raíz + i (*parti-*). En todo caso, o que me interesa salientar é o carácter estritamente léxico que Porto Dapena lle adxudica ó segmento que outros autores denominan vogal temática.

Antón Santamarina (1974: 14) xulga este segmento como “signo de clase mórfica. Mediante ellas podemos adscribir una forma verbal determinada a una de las tres conjugaciones”. Seguen esta proposta Álvarez, Monteagudo e Regueira, para os que a vogal temática “é un morfema que clasifica os verbos en tres clases mórficas ou conxugacións” (1986: 310); ou Freixeiro Mato, quen afirma que “constitui o signo da clase mórfica, pois por ela adscribemos unha forma verbal a unha das tres conxugacións” (2000: 308). Polo tanto, para todos eles a vogal temática parece ser o significante de tres signos que posúen como significante cadanseu conxunto de alomorfos en distribución complementaria (a selección de cada conxunto depende da conxugación a que se adscribe o verbo) e que teñen como significado, precisamente, a adscripción dun verbo a un destes modos de conxugación.

Pola súa parte, Fernández Rei (1998: 591) non só sinala que a vogal temática “indica a clase mórfica ou conxugación”, senón que tamén introduce un matiz interesante ó afirmar que esta “ás veces pode ter valores secundarios de modo e tempo *e/ou* de número e persoa”.

Álvarez e Xove (2002: 242), pola contra, sinalan que os verbos “distribúense en tres clases conxugacionais, atendendo ás variacións formais (variantes de

expresión) das combinacións da VT cos MF [vogal temática, morfemas flexivos, F.D.], variantes que se presentan en distribución complementaria”. Estes autores non lle atribúen valor sígnico ou morfemático á vogal temática. Desta maneira, e como vimos antes, dentro de cada paradigma conxugacional cada vogal temática contén un conxunto de variantes que se poñen en estreita relación cun determinado alomorfo dun sufixo flexivo.

Como vemos, existen visións diferentes da vogal temática. Con todo, creo que as interpretacións son máis ou menos casables e poden dar orixe a unha imaxe unificada. Na concepción que aquí vou mostrar, coincido con Porto Dapena sobre o carácter léxico da vogal temática, pero considerareina un elemento segmentable e independente da raíz; aceptarei de Santamarina (1974) o valor sinalador de clase conxugacional, aínda que rexeitarei o seu carácter morfemático ou sígnico; finalmente, desenvolverei a idea de Fernández Rei (1998) de que a vogal temática pode expresar, secundariamente, contidos gramaticais, só que insistirei en que, primeiro, este comportamento non é exclusivo da vogal temática e, segundo, non nos di nada sobre a súa natureza primariamente flexiva.

Para defender estes postulados, primeiro mostrarei a miña concepción da estrutura da linguaxe (§ 1) e como considero que se estrutura a compoñente morfolóxica (§ 2); só despois, exporei a miña análise da vogal temática (§ 3), seguida dunhas conclusións (§ 4). Como resultará claro, só me ocuparei dos verbos regulares, pois os verbos irregulares merecerían un estudo á parte (aínda que sospeito que as ferramentas conceptuais que aquí empregarei serán igualmente válidas para os verbos irregulares).

1. As palabras coma interface

Segundo a definición clásica saussureana de *signo*, este elemento confórmase por medio da asociación entre unha imaxe fónica mental ou *significante* e un concepto ou *significado*. Esta definición, en tanto que programática, resulta simple, pois, a pouco que pensemos, é fácil comprobar que a complexidade da información ofrecida por un signo pode ser moita. Analicemos, por exemplo, unha forma coma *comeron*.

O seu significado conceptual é algo parecido a ‘introducir algo na boca, mastigalo e tragalo’; porén, sabemos que xeralmente hai alguén que ‘introduce algo na boca, que mastiga ese algo e que o traga’: *os nenos comeron*; tamén sabemos que podemos especificar claramente que cousa é ese algo que ‘se introduce, se mastiga e se traga’: *os nenos comeron un queixo*. O elemento do mundo que realiza a acción tórnase na expresión lingüística en *axente* de ‘introducir algo na boca, mastigalo e tragalo’; e o elemento do mundo que é comido tórnase na expresión lingüística no

seu *tema*. A estrutura que contén o significado conceptual COMER (=‘introducir algo na boca, mastigalo e tragalo’) e os papeis semánticos do tipo *axente* ou *tema* denomínase *marco predicativo*:

(1) [COMER (axente, tema)]

Debe, ademais, existir algún tipo de información que nos diga con que tipo de axentes ou temas se pode combinar COMER: por exemplo, é preciso que COMER teña un axente [+animado]. Toda esta información que acabo de mostrar é de orde semántica. Con todo, a información que ofrece *comeron* non remata aquí. Sabemos que *comeron* se refire á P3 Plural do Indicativo Pretérito de COMER. Adoita chamarse *propiedades morfosintácticas* a cada unha das particularidades que nos permiten opor *comeu* (Singular) a *comeron* (Plural), *comen* (Presente) a *comeron* (Pretérito) e *categorías morfosintácticas* a cada un dos paradigmas que as agrupan (tempo, modo, persoa...). Fóra dos valores que engadan estas propiedades, é evidente que *comeron* comparte o seu significado conceptual con *comín*, *comerei* e *comerás*... O feito de que poidamos asociar este tipo de propiedades morfosintácticas a COMER, e non a COMIDA, débese a que COMER está lingüisticamente formalizado como un verbo (V), i.e., existe unha relación de coindexación entre o significado conceptual COMER e a etiqueta sintáctica V:

(2) COMER_i V_i

A información sobre as propiedades morfosintácticas (P3, Plural, Indicativo, Pretérito) e a información sobre a categoría léxica (V) é, en principio, de natureza sintáctica; de feito, debemos entender que as propiedades P3, Plural, Indicativo, Pretérito se adxudican á etiqueta sintáctica V e non ó significado conceptual COMER:

(3) COMER_i [V_i [P3, Plural, Indicativo, Pretérito]]

Nalgunhas teorías da morfoloxía (véxase Matthews 1991) acostuma a designarse co termo *lexema* a unha unidade constituída polo significado conceptual cando está marcado cunha etiqueta sintáctica, neste caso, $\sqrt{\text{COMER}}$; e denomínase *palabra morfosintáctica* (Anderson 1992 chama a esta entidade *representación morfosintáctica*) ó lexema determinado por calquera dos conxuntos de propiedades morfosintácticas que lle corresponde á categoría léxica en cuestión, no caso presente, $\sqrt{\text{COMER P3, PLURAL, INDICATIVO, PRETÉRITO}}$. A diferenza entre esta fórmula e a que propuxen en (3) ten un fundamento teórico: para min, as propiedades morfosintácticas son determinacións da etiqueta sintáctica V e non determinacións do lexema $\sqrt{\text{COMER}}$.

En tanto que verbo, *comeron* posúe tamén un *marco de subcategorización*, i.e., indica con que tipo de categorías sintagmáticas debe agruparse para construír

unidades maiores. Neste caso, o verbo pode combinarse cunha frase nominal e formar con ela unha frase verbal (FV):

$$(4) \quad FV \rightarrow [V_i + FN]$$

Convén indicar esta información porque, por exemplo, é posible que o verbo forme a súa FV botando man dunha FN introducida por unha preposición: *os nenos [pensaron [nese conto]]* (neste caso, o verbo debe indicar cal é a preposición que se usa); ou pode ser que seleccione outra oración: *os nenos [quixeron [comer un queixo]]*. Como vemos, a información contida no *marco de subcategorización* tamén é sintáctica. Pola súa parte, a FV asóciase con outra FN, que funciona de suxeito, por medio dun principio común da sintaxe, de modo que se dea orixe a unha oración:

$$(5) \quad O \rightarrow [FN + FV]$$

Nótese tamén como cada un dos papeis semánticos do marco predicativo debe corresponderse cunha destas FN. Nunha oración coma *os nenos comeron un queixo* a FN suxeito está relacionada co papel temático *axente*, mentres que a FN complemento directo está relacionada co papel temático de *tema*:

$$(6) \quad [\text{COMER}_i(\text{axente}_a, \text{tema}_b)] \\ FN_a [[V_i [\text{P3, Plural, Indicativo, Pretérito}]] FN_b]$$

Finalmente, é preciso un mecanismo que nos diga cómo se pronuncia (3), i.e., $\text{COMER}_i [V_i [\text{P3, Plural, Indicativo, Pretérito}]]$. Este tipo de información prodúcese a compoñente fonolóxica da lingua e será o obxecto deste traballo. No entanto, debo ir adiantando que a compoñente fonolóxica tamén está lonxe de ser simple e de estar desconnectada da compoñente semántica ou da sintáctica. En primeiro lugar, existe un vínculo entre o significado conceptual COMER_i , a categoría léxica V_i e unha secuencia de fonemas /kome/:

$$(7) \quad /kome/_{i} \quad \text{COMER}_i \quad V_i$$

Isto significa que COMER_i , /kome/_i e V_i son unidades que pertencen ás diferentes compoñentes da lingua, das que cada unha xera as súas propias estruturas lingüísticas. En segundo lugar, estas compoñentes fonolóxica, semántica e sintáctica, están relacionadas entre si por medio de interfaces, de modo que estas relacións de interface tamén contribúen a crear ou a condicionar estruturas fonolóxicas, sintácticas ou semánticas. Necesitamos, pois, algún mecanismo que sirva para construír o significado do complexo que representei en (3) a partir de /kome/_i. A presentación deste mecanismo require a exposición dunha pequena reflexión que ocupará o seguinte apartado.

Do visto, despréndese que a propia noción de signo, enriquecida como acabo de facer aquí, non pode ser outra cousa có resultado dun fenómeno de interface denominado *entrada léxica*, i.e., un elemento lingüístico que resulta do cruzamento de información sintáctica, semántica e fonolóxica: “alén de información fonolóxica e semántica, a entrada léxica inclúe polo menos información gramatical do estilo da categoría léxica, algúns trazos de subcategorización e irregularidades morfolóxicas ou sintácticas” (Trask 1993, s.v. *lexical entry*). Neste sentido, Jackendoff (2002: 131) chega a afirmar que o propio lexicón debe ser visto como parte das compoñentes de interface.

2. Morfoloxía flexiva e morfoloxía derivativa

Na concepción que aquí se defenderá, a morfoloxía é unha compoñente da gramática resultado de relacións de interface que *no seo das entradas léxicas* se establecen entre as compoñentes semántica e sintáctica nun lado e a compoñente fonolóxica do outro. Noutras palabras, por morfoloxía entenderei as variacións na forma fonolóxica das entradas léxicas que ocorren parellas ás variacións detectadas na súa estrutura semántica ou sintáctica. A morfoloxía ocúpase das relacións formais existentes entre as diversas formas de palabra (sexa dentro da mesma entrada léxica, sexa entre entradas léxicas diferentes) e da estrutura interna das propias formas de palabra. É esta interrelación entre estas tres compoñentes o que define a morfoloxía¹. A morfoloxía adoita dividirse en *derivación*, *flexión* e *composición*. A seguir, comentarei lixeiramente as nocións de flexión (2.1), derivación (2.2) e os procesos morfolóxicos por medio de que se expresan estas dúas partes da gramática (2.3). Ignorarei a composición porque é unha cuestión sobre a que non é preciso reflexionar neste estudo.

2.1. A natureza sintáctica da flexión

Entendo a morfoloxía flexiva como o estudo das variacións na forma de palabra dunha entrada léxica asociadas a variacións no contexto sintáctico, i.e., a morfoloxía flexiva é a compoñente da gramática que nos mostra como a sintaxe afecta á forma da palabra. Para comprender plenamente esta afirmación fai falta insistir no carácter sintáctico das propiedades morfosintácticas. Este feito ten dúas implicacións que terei que defender a seguir: primeira, propiedades coma [P3,

¹ “Un campo de estudio coherente defínese máis pola a existencia dun conxunto de principios ben definido e unitario ca pola existencia dun único conxunto de obxectos ós que eses principios poderían referirse. Disto resulta, con todo, que se varias subpartes da gramática se sobrepoñen de maneiras significantes, entón as propiedades dos elementos compartidos serán só descritas en termos dunha complexa interacción de principios de distintas áreas; e a comprensión de calquera área só pode proceder conxuntamente coa nosa comprensión das outras” (Anderson 1982: 572).

Singular, Indicativo, Pretérito] non forman parte do *significado conceptual nin gramatical* de V; segunda, as operacións que implican propiedades morfosintácticas son, en principio, de índole sintáctica (nótese que me estou a referir ás propiedades, non ós elementos ou operacións con que se representan na fonoloxía).

Anderson (1988: 167-168; 1992: 82-83; en Stump 1998: 21-26 aparece unha clasificación similar) sinala que as propiedades morfosintácticas poden agruparse en catro categorías diferentes:

- a) Propiedades de configuración, que son asignadas en función da estrutura sintáctica superior en que unha palabra A se integra: en latín, un substantivo que ocupe a posición núcleo da FN suxeito dunha oración terá a propiedade Nominativo e un substantivo que ocupe a posición de núcleo da FN complemento directo dunha FV terá a propiedade Acusativo.
- b) Propiedades de concordancia, que se lle asignan a unha palabra A en referencia ás propiedades doutra palabra B situada dentro da mesma estrutura sintáctica: un adxectivo (A) que funcione de modificador dun substantivo (B) dentro dunha FN concordará en xénero e número.
- c) Propiedades de frase, que se asignan ós dominios das frases e que se realizan dentro dunha das palabras que aparecen nesa proxección: é o caso da aparición das propiedades Indicativo Pretérito no verbo de *comín queixo*, que permite inserir este verbo nunha oración principal (non hai oracións principais en galego que non presenten propiedades de modo e tempo).
- d) Propiedades inherentes, que son características predeterminadas nunha entrada léxica concreta e que deben ser accesibles ás regras de concordancia: o substantivo *cama* contén a propiedade Feminino e impón concordancia en xénero feminino ós adxectivos que o modifican, coma en *cama fea*, *cama feita*.

Segundo Anderson, mentres que as propiedades de configuración, de concordancia e de frase só poden ser asignadas por unha regra sintáctica, as propiedades inherentes deben ser vistas pola sintaxe, pois son disparadoras das regras sintácticas de concordancia. Estes dous feitos indican a natureza fundamentalmente sintáctica das propiedades morfosintácticas. Esta natureza é perfectamente clara na concordancia, que é vista decote como unha marca de relación sintáctica entre os elementos que conforman unha categoría sintagmática: a concordancia “é un tipo de covariación entre elementos relacionados sintagmaticamente. A concordancia é un indicativo de que elementos están relacionados e pode servirnos de indicio sobre a extensión dun constituínte” (García-Miguel e Cabeza 2000: 559). Martinet (1991: 119), pola súa parte, distingue os *monemas funcionais* (coma as preposicións e os

casos) dos *monemas non funcionais*; estes últimos divídense, á súa vez, en *modalidades* (coma o artigo ou a propiedade Plural nos substantivos ou a propiedade Copretérito nos verbos) e *monemas léxicos*. Os monemas funcionais (preposicións e casos) serven para sinalar as relacións que un sintagma ten con outro superior (polo que manifestan un *valor centrífugo*), mentres que as modalidades actúan dentro do sintagma precisando o significado dos *monemas léxicos* (polo que posúen un *valor centrípeto*). Como se ve, é unha diferenza similar (aínda que non equivalente) á que existe entre as propiedades de concordancia e as propiedades de configuración...

Agora ben, cómpre sinalar que as propiedades son tamén de natureza morfolóxica, pois a presenza de determinadas propiedades morfosintácticas determinando unha categoría léxica acostuma a estar correlacionada con diferentes tipos de estruturas fonolóxicas nas formas de palabra; e é esta correlación entre a sintaxe e a fonoloxía o que crea a relación de interface que dá orixe á morfoloxía flexiva.

Por outra parte, quero insistir en que as propiedades morfosintácticas non constitúen en por si parte do significado, do mesmo xeito que un suxeito non forma parte do significado dunha oración ou que a etiqueta verbo non implica un significado de acción. Así coma un suxeito pode ser a vía de expresión dun axente en *eu como*, dun tema en *o pan é comido* ou dun experimentador en *o leite ferve...*; verbo pode ser unha categoría léxica adscrita a un significado conceptual de acción, coma en *ir*, proceso coma en *quecer*, estado coma en *ser*; as propiedades morfosintácticas do verbo galego poden ir asociadas a diferentes significados gramaticais (xeralmente denominados *valores* na nosa tradición lingüística). Compárese se non:

- (8) a) *Serán as sete en punto cando veña*
 b) *Agora serán as sete en punto*
 c) *Dixo que volvería*
 d) *Aquel home sería máis vello ca min*
 e) *Axudaríache se puidese*

Como se pode ver, *serán* en (8a) significa futuro con respecto ó presente e certeza, *serán* en (8b) significa presente e incerteza, *volvería* en (8c) significa futuro con respecto a unha acción pasada e certeza, *sería* en (8d) significa incerteza nun punto do pasado e *axudaría* en (8e) significa simplemente irrealidade, pois o significado temporal non o ofrece a gramática, senón o contexto (véxase Santamarina 1974: 120).

O que estes feitos mostran é que as propiedades morfosintácticas non constitúen significados gramaticais, non son o significado gramatical do verbo nin do lexema verbal, senón que colaboran, xunto coa fonoloxía, na expoñencia de significados

gramaticais. Polo tanto, as propiedades morfosintácticas, elementos da mesma natureza sintáctica cá etiqueta V, manteñen tamén relacións de interface co mundo do significado. Unha representación da estrutura modo-temporal de *serán* en (8a) podería ser a seguinte:

- (9) V_a [Futuro]
SER_a, FUTURO, REAL
/seraN/_a

2.2. A natureza léxica da derivación

Mentres que os procesos flexivos producen realizacións diferentes das entradas léxicas, a derivación é un fenómeno que engloba a creación de novas entradas léxicas, de xeito que unha entrada léxica pode dar orixe a outra por medio de modificacións ben na súa categoría léxica, ben no seu marco predicativo, ben no seu marco de subcategorización, ben no seu significado conceptual, ben na súa forma de palabra, ben en todos e cada un dos compoñentes da entrada léxica, ben só nalgúns deles, ben nun só (Matthews 1991, Anderson 1992, Beard 1998). É preciso indicar que no galego, coma noutras linguas, é posible encontrarmos formas de palabra derivadas que presentan o mesmo significado conceptual, os mesmos marcos temáticos ou de subcategorización e a mesma categoría léxica cás súas bases, de modo que se producen cambios na forma de palabra que non van unidos a ningún outro cambio nas outras compoñentes da entrada léxica. Unha boa reia de exemplos encontrámola en González Seoane (1999: 484): *espapallar ~ espapar, esfurricallar ~ esfurricar, alcanñar ~ alcanzar*. Por esta razón, débese indicar que a derivación non implica necesariamente un cambio conceptual ou sintáctico: é abondo que haxa un cambio formal². Desta arte, en tanto que afecta a unha, a algunhas ou a tódalas compoñentes da entrada léxica, a derivación non só é un proceso de natureza estritamente léxica, senón que nos mostra que tipos de fenómenos deben ser considerados de natureza léxica.

Vexamos un exemplo. Unha parte das entradas léxicas de *comer* e *comedor* ('que lle gusta comer') e *comedoríño* poden ter unha forma máis ou menos similar á que ofrezco en (10):

- | | | | |
|---------|-----------------------------------|-------------------------|----------------------------|
| (10) a) | COMER _i (axente, tema) | b) COMEDOR _j | c) COMEDORIÑO _k |
| | V _i [+FN] | Adx _j | Adx _k |
| | /kome/ _i | /komedor/ _j | /komedorij/ _k |

² Cómpre sinalar que González Seoane mostra dúbidas de que os membros das parellas pertencen a diferentes variedades lingüísticas; tamén cumpriría explorar as repercusións teóricas de que isto así fose, quizais non tan problemáticas como podería pensarse a priori.

Como vemos, existen varias diferenzas. Comezarei por explorar primeiro as que existen entre (10a) e (10b). Primeiro, mentres que $COMER_i$ pode ser parafraseado como ‘introducir algo na boca, mastigalo e tragalo’, $COMEDOR_j$ glósase como ‘que lle gusta introducir algo na boca, mastigalo e tragalo’, de modo que conceptualmente se perde o valor de ‘acción’ e adquírese o de ‘característica’. Segundo, $COMER_i$ está coindexado cunha etiqueta sintáctica V_i e aparece nas posicións sintácticas propias de V , $COMEDOR_j$ está indexado coa etiqueta sintáctica Adx_j e aparece nas posicións sintácticas propias de Adx . Terceiro, como consecuencia do anterior, (10a) xera un conxunto de formas propias do seu paradigma: *comerei*, *comería*, *comera...*, mentres que (10b) contén outro conxunto de formas caracterizadas por unhas propiedades morfosintácticas distintas: *comedor*, *comedora*, *comedores*, *comedoras*. Cuarto, $COMER_i$ ten unha forma de palabra básica /kome/, mentres que $COMEDOR_j$ ten unha forma de palabra básica en parte distinta en parte similar: /komedor/. Pola súa parte, as únicas diferenzas entre (10b) e (10c) son a presenza do sufixo *-iñ-* e o valor semántico expresivo que gaña a forma derivada (compárese *o neno é comedor* vs. *o neno é comedoríño*).

Por estas razóns, a derivación é un proceso de natureza léxica. Como sinala Anderson (1992: 185):

Por unha parte, as descrições estruturais das regras flexivas refírense a propiedades da representación morfosintáctica, mentres que as descrições estruturais das regras derivacionais refírense ó contido das (clases de) ítems léxicos. Pola outra, os cambios estruturais das regras flexivas afectan só á súa forma fonolóxica, mentres que as regras derivacionais tipicamente tamén efectúan modificacións tanto na semántica coma na sintaxe dos ítems.

Isto significa que a flexión, i.e., a inserción das propiedades morfosintácticas pode producir cambios na forma fonolóxica da entrada léxica, mentres que a derivación crea unha nova entrada léxica a través de cambios na forma fonolóxica e/ou en calquera das súas outras compoñentes (categoría léxica, marco de subcategorización etc.).

2.3. Morfoloxía flexiva e morfoloxía derivativa

Ata agora estiven centrado en mostrar a natureza sintáctica da flexión e na natureza léxica da derivación. É agora o momento de reflexionar sobre as repercusións que estes cambios teñen no plano fónico. De acordo co visto ata agora, xa pode afirmar que será obxecto da *morfoloxía flexiva* o conxunto de cambios na estrutura fonolóxica que teñen xustificación na flexión e obxecto da *morfoloxía derivativa*

os conxuntos de cambios na estrutura fonolóxica que están relacionados coa derivación, tal e como derivación e flexión foron descritas arriba.

Como xa sinalai, dentro da entrada léxica *comer* a secuencia /kome/_i é a forma básica de palabra que se corresponde coa etiqueta V_i e co significado conceptual COMER_i, do mesmo xeito que na entrada léxica *comedor* a secuencia /komedor/_j é a forma básica de palabra que se corresponde co significado conceptual de COMEDOR_j e coa etiqueta Adx_j. É evidente que a entrada léxica *comedor* relaciónase coa entrada léxica *comer* a través dunha regra derivativa de formación de palabras. A derivación atangue variacións na compoñente sintáctica, semántica e fonolóxica. En virtude da categoría léxica que posúa cada unha das entradas léxicas, pode pasar a ser flexionada, i.e., pasa a formar parte dun *paradigma* no que se obteñen por flexión realizacións da entrada léxica. A flexión que recibe depende da lingua: en galego as preposicións, conxuncións ou adverbios nunca son flexionados, mentres que en bretón, por exemplo, as preposicións deben establecer concordancia cos pronomes persoais. Así, /komedores/ é a expresión do masculino plural da entrada léxica *comedor*, mentres que /komes/ é a expresión da segunda persoa de singular do presente indicativo de *comer*. Como vemos, unha cousa é a forma básica de palabra, /kome/_i e /komedor/_j, e outra é a forma de expresión das entradas léxicas plenamente flexionadas, /komes/ e /komedores/, respectivamente. No caso de *comes*, o proceso flexivo consistiu en implementar as propiedades [P2, Singular, Presente, Indicativo] a V_i; no caso de *comedores*, o proceso conduciuse por medio da implementación das propiedades [Masculino, Plural] a Adx_j. Como se sinalou arriba, a adxunción destes conxuntos de propiedades produciu tamén unha serie de cambios no significante, de forma que de /kome/_i debeu pasarse a /komes/ e de /komedor/_j a /komedores/. Disto despréndese que tamén desde un punto de vista morfolóxico /komes/ e /komedores/ son formas máis complexas ca /kome/_i e /komedor/_j. Reservarei, seguindo a terminoloxía de Matthews que xa presenteí, a etiqueta de *forma de palabra* para a secuencia de fonemas que serven para expresar unha entrada léxica efectivamente empregada nun contexto sintáctico, i.e., unha entrada léxica que ten a súa categoría léxica enriquecida coas diferentes propiedades morfosintácticas que sexa susceptible de portar.

Desta maneira, fíame falta un nome para a forma básica de palabra que aparece como significante na entrada léxica (no noso caso, /kome/_i e /komedor/_j). Chamareille *tema* á forma básica da entrada léxica: a secuencia de fonemas que está coindexada cun significado conceptual (ou gramatical) e cunha etiqueta sintáctica. Desta maneira, /kome/_i e /komedor/_j son os temas das entradas léxicas *comer* e *comedor*, respectivamente. A diferenza morfolóxica entre /kome/_i e /komedor/_j reside no seu grao de complexidade e é a morfoloxía derivativa a que debe dar conta dos cambios operados na forma fonolóxica. Nun caso coma o que estamos tratando, a complexidade formal vai asociada a unha complexidade

semántica; e do mesmo xeito que /kome/_i está incluído en /komedor/_j, COMER_i está incluído en COMEDOR_j (COMER_i ‘introducir algo na boca, mastigalo e tragalo’ vs. COMEDOR_j ‘que lle gusta introducir algo na boca, mastigalo e tragalo’). É por isto que podemos dicir que /komedor/_j é derivado de /kome/_i.

Chamareille *base* ós elementos sobre os que se pode construír un novo tema: desta maneira, /kome/_i é base de /komedor/_j e /komedor/_j é base de /komedorij/_k. Polo tanto, un tema é unha secuencia que pode recibir as marcas formais da flexión e unha base unha secuencia que pode recibir as marcas formais da derivación: evidentemente, /komedor/_j pode ser á vez *base* e *tema*. Con todo, esta clasificación non esgota tódalas posibles unidades, pois queda aínda un concepto que debe ser sinalado: pode existir unha parte da forma de palabra que permanece inmutable ó longo de tódolos procesos de derivación. Pensemos en *branco*, *branca*, *esbrancuxado*, *branqueas*...; a pesar de tódolos procesos de derivación e flexión, existe unha parte do significante que permanece inalterada, nomeadamente /braNk/. Esta é a *raíz*. Unha raíz pode ser base (se é susceptible de ser modificada nun proceso de derivación: *branquexar*) ou tema (se pasa por un proceso de flexión: *branc-o*, *branc-a*).

Do dito ata aquí, non fai falla repetir que por procesos morfolóxicos entendo procesos fonolóxicos motivados pola derivación e pola flexión. Existen diferentes tipos de procesos morfolóxicos, i.e., as linguas poden empregar diferentes tipos de operacións fonolóxicas para expresar a derivación e a flexión, pero cómpre desde xa sinalar que non é necesario que exista un conxunto concreto de operacións fonolóxicas destinadas á flexión e un tipo de operacións diferentes destinadas á derivación: tanto a flexión coma a derivación poden empregar un mesmo tipo de ferramentas fonolóxicas. Como sinala Stump:

Na lóxica da flexión, nada exclúe a posibilidade de que a flexión poida implicar o mesmo tipo de operacións formais cá derivación; máis ben, nada exclúe a posibilidade de que o mesmo tipo de operación poida servir para unha función derivativa nuns casos e para unha función de flexión noutros (1998: 19).

Polo tanto, flexión e derivación poden valerse do mesmo repertorio de procesos morfolóxicos: a afixación, a reduplicación, a apofonía etc. Por exemplo, a prefixación co formante *a-* é derivativa en galego en palabras coma *anormal*, *asocial*...; e é flexiva co formante *é* en grego en palabras coma *é-ly-es* ‘desatabas’, pretérito imperfecto de *lyo* ‘desatar’. A infixación é derivativa en verbos do chamorro coma *hasso* ‘pensar’ vs. *h-in-asso* ‘pensamento’, ou *faisen* ‘preguntar’ vs. *f-in-aisen* ‘pregunta’; e flexiva en latín en verbos coma a nasal de *ru-m-po* ‘rompo’ vs. *rupi* ‘rompín’ ou *vi-n-co* ‘venzo’ vs. *vici* ‘vencín’. Pode consultarse un completísimo estudo sobre os procesos morfolóxicos e sobre o tipo de formantes

que se usan para construír as formas de palabra no traballo de Pena (1991), de onde tomo algúns destes exemplos.

2.4. A falta de adecuación entre as propiedades morfosintácticas e os seus expoñentes


Antes de presentar a miña proposta de análise da vogal temática dos verbos galegos, quero sinalar dous feitos que se refiren ó valor sinalador dos formantes morfolóxicos. É común pensar que a morfoloxía consiste sobre todo na adición de *morfemas* a unha forma inicial máis simple co fin de construír unha palabra máis complexa. As series /kome/_i > /komedor/_j > /komedorij/_k, /kome/_i > /kome/N/_i ou /komedor/_j > /komedores/_j responden a este esquema ideal: nelas observamos unha engádegas no material significativo acompañada de modificacións quer no significado conceptual, quer na implementación de propiedades morfosintácticas; os morfemas non son outra cousa ca esas porcións de significativo asociadas a significados ou a propiedades morfosintácticas. Segundo se empreguen para a flexión ou para a derivación, podemos clasificar os morfemas coma flexivos, coma no caso de /komedor/_j > /komedores/_j, ou derivativos, coma no caso de /kome/_i > /komedor/_j > /komedorij/_k.

Con todo, é un fenómeno común a inadecuación entre o plano sintáctico, semántico e fonolóxico. Pensemos nos repetidos exemplos ingleses de conversión coma o de *doubt* ‘dubidar’ > *doubt* ‘dúbida’, onde existe un proceso de derivación que crea unha entrada léxica, *doubt* ‘dúbida’, a partir doutra, *doubt* ‘dubidar’, sen que, aparentemente, haxa ningún tipo de modificación do significativo (e polo tanto, ningún tipo de adición de material fonolóxico). E, no que á flexión se refire, pensemos no tema /kome/ da entrada léxica *comer*... Neste caso, vemos que, sen que aparentemente se engada ningún tipo de material fonolóxico, se emprega o simple tema da entrada léxica de *comer* para expresar a segunda persoa de singular do imperativo: /kome/; máis aínda, vemos que a terceira persoa de singular do presente de indicativo non se expresa coa adición de ningún material fonolóxico, senón coa modificación (neste caso, abaixamento) da vogal radical: /kɔme/. Deste último feito pretendo tirar dous corolarios.

³ Hai autores que nestes casos falan de *morfos cero*: no caso de /kome/, debería existir un morfo cero para a propiedade Imperativo e un morfo cero para P2 Singular; no caso de /kɔme/, un morfo cero para as propiedades Indicativo Presente e outro para P3 Singular; no caso do inglés, un morfo cero que transforma *doubt* ‘dubidar’ en *doubt* ‘dúbida’ (V > N), e outro morfo cero que transforma *group* ‘grupo’ en *group* ‘agrupar’ (N > V). Ergo, o morfo cero pode ser significativo de todo, incluso de propiedades morfosintácticas en oposición paradigmática. Exista ou non un morfo cero, o caso é que a terceira persoa do presente de indicativo de *comer*, /kɔme/, non se distingue da segunda persoa do imperativo, /kome/, pola adhesión de ningún tipo de material fonolóxico, senón por unha diferenza no grao de abertura da vogal radical; e o certo é que isto lle pasa á maioría dos verbos da segunda e da terceira conjugacións (Dubert 1999a para unha análise).

O primeiro, e para min máis importante, é que no caso de /kɔme/, a modificación da vogal radical ten unha función flexiva; a importancia deste feito radica precisamente niso: unha parte da forma de palabra de natureza léxica (pois a raíz é unha parte tradicionalmente relacionada coa expresión do significado conceptual) é modificada para expresar contidos *sintácticos*. Polo tanto, a morfoloxía flexiva, un conxunto de operacións fonolóxicas ligadas a condicionamentos sintácticos, pode operar sobre a mesma raíz, o elemento de natureza léxica prototípico nunha forma de palabra. Isto non é estraño se pensamos nos casos de supletismo coma *son, es, vou, imos* etc., en que toda a raíz serve para indicar tamén propiedades morfosintácticas⁴.

O segundo corolario divídese en dúas partes: a) a expresión dun mesmo contido *sintáctico* pode realizarse en diferentes compoñentes da forma de palabra; e b) unha mesma compoñente da forma de palabra pode expresar contidos sintácticos diferentes (isto é sistemático nos casos de morfemas *portmanteau*: en *cantase*, /se/ asóciase a Subxuntivo e a Pretérito). Conforme a isto, o grao de abertura da vogal radical sinala Indicativo e Presente en /kɔmes/ fronte a /komas/, en /kɔme/ (e) fronte a /koma/ e /kome/ (ti) e en /kɔmeN/ fronte a /komaN/; mentres que indica P2 Singular, P3 Singular e P3 Plural en *comes, come e comen* fronte a *como, comemos, comedes*. Por súa vez, P2 Singular está expresado tamén por /s/, P3 Singular por nada (ou por un morfo cero, se se quere empregar este recurso) e P3 Plural por /N/. Ademais, Indicativo e Presente sinálanse tamén pola presenza da vogal temática /e/: compárese /kɔmes/, /kɔme/, /komemos/, /komedes/, /kɔmeN/ con /komas/, /koma/, /komamos/, /komades/, /komaN/... Este fenómeno da falta de adecuación entre as propiedades morfosintácticas e os seus expoñentes pode verse representado en (11) coa forma do verbo irregular *quixeches*, P2 Singular do Indicativo Pretérito de *querer*:



Como vemos, /ʃes/ emprégase nas P2 do Singular do Indicativo Pretérito fronte a /s/, que se emprega no resto: *quixeches* fronte a *queres, queiras, quererías, quixeras...*; /e/ emprégase nas formas arrizotónicas no Indicativo Pretérito, no

⁴ Esta idea non é en absoluto nova na lingüística galega. Respecto destas alternancias vocálicas xa afirmou Porto Dapena que nos achamos “diante dun caso en que o sentido gramatical dáse xuntamente co lexicai, resultando imposible arredar na secuencia ou cadea fónica un do outro” (Porto Dapena 1972: 28).

Antepretérito e no Subxuntivo Pretérito: *quixemos, quixestes*, fronte ó /e/ de *queremos, queredes* no Indicativo Presente; por fin, a raíz /kiʃ/, que se emprega no Indicativo Pretérito, Antepretérito e Subxuntivo Pretérito. Polo tanto, a propiedade Pretérito está expresada por tres medios, /kiʃ/, /e/, e /tʃes/, de modo que unha mesma propiedade se relaciona con tres expoñentes (un deles, quizais unha raíz supletiva, véxase Dubert 1999a, claramente asociada á *parte* léxica da forma de palabra); mentres que o formante /tʃes/ se vencella a catro propiedades diferentes: P2, Singular, Pretérito e Indicativo.

3. O lugar da vogal temática dos verbos na lingua galega

De acordo co que se vén sinalando na nosa tradición gramatical sobre a morfoloxía verbal, a estrutura dun verbo galego debe conter unha raíz e unha vogal temática, conformando ambas o *tema* do verbo, seguidas dunha serie de sufixos expoñentes de propiedades morfosintácticas (véxase, por exemplo, Fernández Rei 1998). Aínda que dou por boa tal estruturación, quero salientar dous puntos. Primeiro, esta definición de *tema* non coincide exactamente coa que ofrecín arriba, pois un *tema verbal* pode estar formado por máis elementos cá raíz e a vogal temática: é o caso da entrada léxica de *enriquecer*, onde encontramos un tema formado por un prefixo /eN/, unha raíz /rik/, un sufixo /eθ/ e unha vogal temática /e/. Segundo, aceptar esta estruturación, i.e., situar a vogal temática dentro dun tema verbal, implica, cando menos para min, negarlle un valor fundamentalmente flexivo e concederlle un valor primariamente léxico.

Este último punto é o que pretendo demostrar ó longo deste apartado. Para isto, preciso primeiro mostrar que a vogal temática non posúe unha natureza fundamentalmente flexiva e, polo tanto, non debe asociarse primariamente á morfoloxía flexiva (3.1); en segundo lugar, tentarei demostrar a súa natureza primariamente léxica (3.2); e, en terceiro lugar, mostrarei que os usos da vogal temática na morfoloxía flexiva son do mesmo tipo cós usos da vogal radical (3.3).

3.1. A natureza non fundamentalmente flexiva da vogal temática

Segundo afirméi arriba (§ 2.1), considerarei fenómenos flexivos aqueles que teñan repercusións na sintaxe, sexa porque deben ser vistos por regras sintácticas (coma no caso das propiedades inherentes), sexa porque son establecidos pola sintaxe (coma a asignación das propiedades morfosintácticas de concordancia, de configuración ou de frase). Neste sentido, é notorio que o feito de un verbo pertencer á primeira, á segunda ou á terceira conxugación non afecta de ningún xeito á estrutura sintáctica en que se insire, nin ningún elemento da estrutura sintáctica determina nunca a conxugación a que debe pertencer un verbo.

Deste xeito podemos comprobar que non existen posicións sintácticas das que un verbo se poida ver excluído por pertencer a unha conxugación determinada. Tanto os verbos da primeira, coma os da segunda ou os da terceira poden aparecer como V nunha FV que rexa oracións completivas de subxuntivo introducidas por *que*: *mando que veñas, quero que veñas, pido que veñas*; do mesmo xeito, estar adscrito a unha conxugación concreta non lle impide a un verbo funcionar dentro desas oracións subordinadas: *mando que cantes, mando que comas, mando que partas*; calquera verbo en Infinitivo, con independencia da súa conxugación, pode ser introducido por unha preposición: *para cantar isto, para comer iso, para partir iso*. Feitos coma os sinalados mostran que a conxugación non depende da estrutura sintáctica en que se insira o verbo.

Máis aínda, a vogal temática non é un trazo que xere regras de concordancia nin que se vincule con propiedades configuracionais ou de frase: ningún complemento dun verbo, nin ningún suxeito, nin ningún adxunto, nin ningún complementizador (conxuncións coma *que*) ten que concordar de ningún modo coa vogal temática de ningún verbo. Contrástese esta situación coa da concordancia en número: un verbo flexionado para a P1 Singular non pode aparecer como V dunha FV que ten un suxeito P2 Plural: **vós levántome ás seis*. Este tipo de feitos mostra que a conxugación non ten repercusións sobre os outros elementos que se relacionan sintacticamente co verbo.

Máis aínda, non existe ningunha categoría morfosintáctica (modo, tempo, aspecto, voz...) vencellada a esta ou estoutra vogal temática. E, por outra parte, vemos que un verbo non deixa de estar flexionado para determinadas propiedades morfosintácticas por pertencer a unha conxugación calquera: tanto na C-I, coma na C-II e na C-III existen as P1 Plural do Subxuntivo Presente (*cantemos, comamos, partamos*) ou a P3 Singular do Indicativo Presente (*cantou, comeu, partiu*). Con todo, un verbo flexionado para o Infinitivo non pode estar flexionado para a categoría modo, nin para a categoría tempo e, en determinados contextos, para as categorías persoa e número.

Todos estes feitos proban, ó meu modo de ver, que a vogal temática non é un elemento relacionado coa flexión verbal, o que, por outra parte, xustifica a súa inclusión no tema do verbo e a súa exclusión do bloque conformado polos sufixos expoñentes de propiedades morfosintácticas.

3.2. A natureza fundamentalmente léxica da vogal temática

Para poder defender a natureza fundamentalmente léxica da vogal temática debo primeiro recordarlle ó lector que, de acordo coa nosa tradición gramatical, incluíu a vogal temática dentro do tema, o que ó meu xuízo lle nega xa de entrada un carácter primariamente flexivo. Que a vogal temática está dentro do tema queda

fóra de toda dúbida desde o momento en que, como acabo de mostrar, comprobamos que non é un afixo que se axunte á raíz como consecuencia dunha operación flexiva.

O feito de que todo tema verbal galego deba conter unha vogal temática lévame a postular a existencia do principio seguinte na gramática da lingua galega:

- (12) Os temas das entradas léxicas de natureza verbal en galego deben rematar nunha das seguintes tres vogais: /a/, /e/, /i/.

Nótese que estou a falar de temas no sentido de formas básicas de palabra da entrada léxica, i.e., da compoñente fonolóxica da entrada léxica. De feito, o principio de (12) é unha *condición de boa formación fonolóxica*⁶ que opera no nivel morfofonémico. Nótese tamén que neste principio non importa o grao de complexidade do tema verbal: a condición vale para temas que só conteñen unha raíz coma *cantar*, *comer* ou *partir*, ou temas complexos coma *enriquecer*.

Defenderei aquí que tanto a vogal temática coma a restrición de (12) son elementos de natureza fundamentalmente léxica, pois atanguen á forma fonolóxica que vai conter unha determinada entrada léxica (recordemos de novo que a forma fonolóxica é un dos elementos compoñentes da entrada léxica). Para acometer esta defensa sen caer na circularidade, debo tamén recordarlle ó lector a división entre flexión e derivación que deseñei arriba. Segundo esta división, a condición de (12) só pode ser considerada de orde léxica, pois como dicía Anderson (vid. § 2.2), “as descrições estruturais das regras derivacionais [*ergo*, das regras de natureza léxica, F.D.] refírense ó contido das (clases de) ítems léxicos”, mentres que as regras flexivas se refíren a propiedades da estrutura morfosintáctica. Unha condición como a de (12) mostra que elementos do repertorio fonolóxico deben estar presentes na estrutura fonolóxica dun tipo de temas, i.e., nun dos compoñentes dunha clase de entradas léxicas. O tema dun verbo debe conter tal elemento con independencia do lugar que este verbo ocupe na sintaxe; e este elemento do tema do verbo nunca inflúe nas outras palabras que gravitan arredor do verbo. Dado que

⁵ De feito, o galego só coñece unha violación desta condición: o verbo *pór* (son conflitivos tamén a este respecto *vír e ter*, véxase Dubert 1999a). Con todo, é preciso facer dúas consideracións: a) *pór* presenta un elemento [ɛ] xeralmente considerado vogal temática (véxase Álvarez e Xove 2002: 255-256) nas formas do Indicativo Pretérito (*puxeches*), do Antepretérito (*puxeras*), do Subxuntivo Pretérito (*puxeses*) e do Futuro de Subxuntivo (*puxer*); b) este verbo mostrou unha tendencia xeneralizada a ir creando formas temáticas noutras partes da súa conxugación, dando orixe ó verbo *poñer*, que segue sendo irregular e que hoxe suplantou a *pór* na maior parte do territorio.

⁶ Trask define as condicións de boa formación nos seguintes termos: “Calquera das varias condicións que deben ser satisfeitas por unha representación fonolóxica, usualmente formulada nos confíns dunha particular teoría da fonoloxía, para que a representación sexa admisible dentro da fonoloxía da lingua en cuestión. Moitas teorías da fonoloxía impoñen varias destas condicións como parte do seu contido” (1996, s. v. *well-formedness conditions*).

a vogal temática cumpre estas dúas condicións, creo que a súa presenza só pode ser explicada como resultado dunha restrición léxica; e dentro das restricións léxicas, unha restrición de carácter fonolóxico, pois afecta á compoñente fónica da entrada léxica: á secuencia de fonemas, /kome/, que se coindexan cun significado conceptual, COMER, e cunha etiqueta sintáctica V₁, como mostrei en (7). Esta idea xa a expresou, como indiquei máis arriba, Porto Dapena (1972).

Tomemos unha raíz como /kaNt/, que aparece na lingua tanto na entrada léxica *cantar* (V) coma na entrada léxica *canto* (Subs). Se queremos empregar a entrada léxica *cantar*, debemos conformar o seu tema /kaNt/ sumándolle unha vogal temática, neste caso /a/, á raíz /kaNt/. A engádegas da vogal temática é unha operación fonolóxica que permite construír o tema dunha entrada léxica verbal. O mesmo sucede con temas máis complexos, coma /eNrikeθe/, tema da entrada léxica *enriquecer*. O seu tema /eNrikeθe/ está composto por unha raíz /rik/ á que se lle engade un prefixo /eN/ e un sufixo /eθ/; esta terminación, que se emprega como afixo en verbos relacionados con adxectivos (*ennegrecer*, *embrutecer*, *engrandecer*, *palidecer*) e aparece como terminación de verbos que non se relacionan con ningunha base illada (*parecer*, *perecer*, *coñecer*), selecciona unha vogal temática /e/.

A escolla da vogal é moitas veces un feito idiosincrásico, produto, sobre todo, de factores históricos. A entrada léxica *bater* toma unha vogal temática /e/, mentres que *matar* toma unha vogal temática /a/ e *partir* toma unha vogal temática /i/. Non hai nada en *bater* que nos obligue a empregar a vogal /e/. A condición establecida en (12) simplemente estipula que todo tema verbal debe ter unha vogal temática, e que esta vogal só pode ser /a/, /e/ ou /i/. Con todo, este comportamento idiosincrásico só existe para a vogal radical /a/, pois noutros casos parece existir algún tipo de restricións fonotácticas que sinalan certas preferencias na escolla:

A CI é a máis productiva e numerosa de tódalas conxugacións, pois máis das tres cuartas partes dos verbos intégranse nesta clase conxugacional. Esta amplitude ocorre tamén na VR [vogal radical, F.D.], pois é a única conxugación que pode ter de VR calquera vogal, e incluso ditongos: *choutar*, *amainar*, *estreitar*... Nos verbos da CII e da CIII, en cambio, a VR actúa tamén como marca de clase: as VR pechadas [i] e [u] só existen na CIII, non na CII (Álvarez e Xove 2002: 247).

Polo tanto, as vogais radicais altas /i/ e /u/ son compatibles coa vogal temática /a/ (*pisar*, *puxar*) e coa vogal temática /i/ (*vivir*, *durmir*), pero incompatibles coa vogal temática /e/. De feito, ó longo da historia do galego deuse un proceso fonolóxico diacrónico que tendeu a harmonizar a vogal temática /e/ de verbos coma *viver*, *dicir* coa radical, dando orixe a *vivir* e *dicir*. Alén disto, e como sinala Santamarina (1974: 14) a resultas da neutralización de /e/ e /i/ postónicos (véxase aquí en § 3.3.2), as vogais radicais /e/ e /o/ tenden a preferir a vogal temática /e/. Os verbos

da C-III con vogal radical /e/ mostran tendencia a manter comportamentos atípicos na súa vogal radical (*pido, pides, pedimos...*) e practicamente non existen verbos da C-III con vogal radical /o/. Con todo, non é este lugar para entrar nesta apaixonante discusión, pois a finalidade deste traballo é mostrar o carácter léxico da vogal temática dos verbos.

3.3. O uso flexivo da vogal temática

A forma final dunha forma de palabra depende de varios factores, que dan orixe a outros tantos padróns de alternancia (inspírome en Mohanan 1995):

- α) Os padróns de alternancia alofónica, que se refiren ás variacións na forma da palabra motivadas pola alternancia de alófonos. Unha característica básica e obrigatoria deste tipo de alternancia é que está condicionada por factores estritamente fónicos. Un exemplo típico é o que lle acontece á nasal posnuclear en galego: unha nasal na coda dunha sílaba presentará o punto de articulación da primeira consoante do ataque da sílaba seguinte.
- β) Os padróns de alternancia fonémica, que se producen cando vemos alternar cadeas de fonemas por condicionamentos de orde estritamente fónica. Un exemplo claro constitúeo o seseo posnuclear dos dialectos galegos noroccidentais, onde encontramos /s/ en posición posnuclear, *pas*, e /θ/ en posición prenuclear, *paces* (véxase Dubert 1999a e 1999b).
- γ) Os padróns de alternancia morfofonémica, en que alternan as secuencias de fonemas en contextos nos que se mesturan condicións de tipo fónico con outras sintácticas ou léxicas. Compárese o comportamento das vogais radicais de *pedir* co comportamento das vogais radicais de *seguir* (véxase Dubert 1999a ou Álvarez e Xove 2002).
- δ) Os padróns supletivos, nos que, fronte ós tres anteriores, non é posible encontrar ningún tipo de relación formal sistemática e predicible entre unhas formas de palabra e outras: é o caso da conxugación de verbos coma *ser* (*eu son, ti es, eu fun, eu era*) ou *ir* (*vou, imos*). Na análise que aquí proponho, as formas supletivas están dalgún xeito almacenadas no lexicón en entradas léxicas que xa conteñen, cando menos, algunhas das propiedades morfosintácticas que determinan as formas⁷.

Serán os padróns de (β) e de (γ) os que me interesa explorar aquí porque permiten explicar o comportamento da vogal temática durante a flexión dos verbos, pois

⁷ A súa selección depende da condición *nos outros sitios* ('elsewhere condition') que xa vimos funcionar na selección dos alomorfos do artigo definido e do pronome acusativo de terceira persoa (véxase Dubert 2001).

nese apartado debo dar conta dos casos de desaparición da vogal temática na flexión dos verbos regulares e da aparición de formas de vogal temática diferentes das que aparecen no tema da entrada léxica: todos estes procesos serven para que un elemento de natureza léxica adquira funcións flexivas secundarias.

3.3.1. A desaparición da vogal temática

Como é sobradamente sabido, a P1 Singular do Indicativo Presente (*cant-o*, *com-o*, *sub-o*) e de todo o Subxuntivo Presente (*cant-e*, *com-a*, *sub-a*) presenta formas de palabra atemáticas nos verbos regulares das tres conxugacións. Este feito podería constituír un contraexemplo á condición de boa formación que presentei en (12) e que estipulaba que o tema dos verbos debe ter unha vogal temática. Podería, ademais, interpretarse como un indicio da natureza fundamentalmente flexiva da vogal temática, pois da presenza ou ausencia desta resulta a aparición de formas de palabra para diferentes palabras morfosintácticas. A forma de palabra da P1 Singular do Indicativo Presente diferénciase da forma de palabras da P3 Singular do mesmo tempo e modo en que na primeira aparece o sufixo número-persoal /o/ e na segunda a vogal temática /a/: /kaNto/ vs. /kaNta/; e as P2 Singular, P3 Singular, P1 Plural, P2 Plural e P3 Plural do Indicativo Presente diferénciase das formas de palabra correspondentes do Subxuntivo Presente en virtude da presenza nas primeiras de vogal temática /a/ e de sufixo modo-tempo /e/ nas segundas: /kaNta/ vs. /kaNte/. A vogal temática posuiría así un valor primordialmente flexivo igual ó que teñen os sufixos de número-persoa /o/ e os sufixos de modo-tempo /e/~/a/.

Con todo, estes problemas quizais só sexan aparentes. Existe unha longa tradición que proclama a elisión, dentro dun proceso sincrónico actual, da vogal temática nestes contextos (véxase por exemplo Mateus e Andrade 2000); entre os nosos lingüistas, tamén Santamarina (1974: 15), que emprega un modelo descritivo de *ítem e proceso* (véxase Pena 1990) máis ou menos similar ó que uso aquí, insinuou que “en la P¹ de las tres conjugaciones la vocal temática es Ø. Desde el punto de vista sincrónico resulta difícil explicar la razón de su ausencia a no ser que la interpretemos como una asimilación al sufijo modo-temporal [sic, F.D.] /-o/”. Se así fose, a vogal temática estaría presente no nivel morfofonémico en que opera (12) e desaparecería nun nivel máis baixo como resultado dun principio fonolóxico do tipo (γ)⁸.

⁸ As formas do P1 Singular do Indicativo Presente e de todo o Subxuntivo Presente constitúen un lugar de procesos flexivos comúns que as individualizan: compárese *vallo ~ valla* con *vales*, *fago ~ faga* con *fas*, *sirvo ~ sirva* con *serve*, *caibo ~ caibas* con *cabes*, *roio ~ roia* con *roes*, e un longo etcétera (Dubert 1999a). Ademais, a escolla de /e/ como sufixo de modo-tempo na C-I e de /a/ como sufixo de modo-tempo na C-II e C-III podería estar condicionada fonoloxicamente. A vogal /a/ é *non-tensa* mentres que as vogais /e/ e /i/ son *tensas*; a vogal temática /a/ *non-tensa* escolle como alomorfo de modo-tempo unha vogal *tensa* /e/; as vogais temáticas *tensas* /e/ ~ /i/ escollen como alomorfo de modo-tempo unha vogal *non-tensa* /a/. Se este condicionamento fonolóxico fose real, mostraría que as vogais temáticas deben estar presentes nalgún momento e influen na escolla dos alomorfos do sufixo de modo-tempo do Subxuntivo Presente.

Se isto fose así, a vogal temática adquiriría valor flexivo de xeito secundario como consecuencia da súa desaparición na P1 Singular do Indicativo Presente e en todo o Subxuntivo Presente. Con todo, a súa presenza inicial no tema verbal nun primeiro momento deberíase á restrición léxica de (12).

3.3.2. Variacións na forma da vogal temática

Por outra parte, é un feito que cando aparece a vogal temática nunha forma de palabra, esta non é sempre a mesma que figura no tema da entrada léxica:

- (13) a) Na C-I a vogal temática é sempre /a/ salvo na P1 Singular do Indicativo Pretérito, en que aparece /e/: *cantei*; e na P3 Singular do Indicativo Pretérito, en que aparece /o/: *cantou*.
- b) Na C-II a vogal temática é sempre /e/ salvo nas formas de palabra do Copretérito, das P1 Singular e P2 Singular do Indicativo Pretérito e do Participio, a vogal temática é /i/: *collía*, *collín*, *colliches*.
- c) Na C-III a vogal temática é sempre /i/ salvo nas P2 Singular, P3 Singular e P3 Plural do Indicativo Presente e na P2 Singular do Imperativo, en que figura /e/.

Os cambios de (13a) explícanse por medio de principios morfofonémicos (principios do grupo γ): na forma de palabras da P1 Singular, a vogal temática /a/ do nivel morfofonémico correspóndese cunha vogal no nivel fonémico que comparte os trazos [-posterior, -baixo] do sufixo de número-persoa /i/, mentres que no caso da forma de palabras da P3 Singular a vogal temática /a/ do nivel morfofonémico correspóndese cunha vogal no nivel fonémico que comparte os trazos [+posterior, -baixo] do sufixo de número-persoa /u/. Estas asimilacións, moi comúns en galego noutros contextos, aquí son obrigatorias. O resultado desta asimilación volve a ter utilidade flexiva, pois reforza as marcas de P1 Singular e P3 Singular. Pero este valor flexivo adquirese grazas a que a vogal debe estar presente no nivel morfofonémico en virtude da condición léxica de (12).

Pola súa parte, os cambios de (13b) e (13c) poden ser tamén explicados a través de principios morfofonémicos:

- (14) a vogal temática /e/ no nivel morfofonémico correspóndese con /i/ no nivel fonémico cando /e/ vai seguida do expoñente /a/ de [Copretérito]⁹.

⁹ Nótese que /a/ é un alomorfo en distribución complementaria e que a condición que goberna a escolla de /ba/ ou /a/ como expoñentes de Copretérito pode ser formulada en termos puramente fonolóxicos: escóllese /ba/ cando o tema remata en vogal /a/ e escóllese /a/ cando o tema remata en vogal /e/ ou /i/.

Con todo, fai falla sinalar que non existe ningún condicionamento na fonoloxía automática actual da lingua galega que conspire contra o hiato /ea/ no nivel fonémico: *lea, leamos, cadea...*, aínda que este condicionamento xa existiu antes na historia do galego (lat. vul. *DĪA > *[de]a > gal. [d]ia ‘día’). Polo tanto, as formas tipo *collía* contrastan coas formas tipo *andei* e *andou* de (13a) en que estas últimas posúen unha base fonolóxica máis natural. Polo que se refire ás formas tipo *collín* e *colliches*, poderían ser explicadas do mesmo xeito:

- (15) unha vogal [-alta, -baixa] ó final do tema verbal no nivel morfofonémico correspóndese cunha vogal [+alta] no nivel fonémico cando vai seguida dos expoñentes /N/ de [P1, Singular, Indicativo, Pretérito] ou /t̪es/ de [P2, Singular, Indicativo, Pretérito].

O principio (15) vale tanto para *comín* e *comiches*, fronte a *comeu, comemos, comestes, etc.*, dun lado e *cantaches* e *partiches* doutro; como para *fun* e *fuches*, fronte *fomos, fostes, foras*. Como xa sinaléi antes (Dubert 1999a), as formas da P1 Singular e P2 Singular do Indicativo Pretérito de *ser* e *ir* compórtanse a este respecto coma as formas dos verbos regulares da C-II (incluso parece común que os falantes que empregan *fumos* empreguen tamén *comimos*).

Con todo, estas propostas de (14) e (15) levantan máis problemas dos previstos. Así por exemplo, en primeiro lugar, (15) fala de /N/ como expoñente de [P1, Singular, Indicativo, Pretérito] e de /t̪es/ como expoñente [P2, Singular, Indicativo, Pretérito], cando /N/ e /t̪es/ son comunmente vistos como sufixos de número-persoa. En segundo lugar, e máis importante, os conxuntos de propiedades [Copretérito], [P1, Singular, Indicativo, Pretérito] e [P2, Singular, Indicativo, Pretérito] non só se expresan na forma de palabra a través de /a/, /N/ e /t̪es/, respectivamente, senón que *tamén* se expresan por medio da elevación da vogal: *comín* fronte a *comemos* e *comiches* fronte a *comestes* (véxase 2.4); *comíamos* fronte a *comemos*. Polo tanto, cómpre cuestionarse se a elevación das vogais en (14) e (15) se debe á contigüidade dos devanditos expoñentes ou se pode ser explicada directamente pola presenza das propiedades morfosintácticas. Desde un punto de vista histórico, a aparición da nasal no caso da P1 Singular como expoñente de número-persoa é posterior á elevación da vogal (a vogal tónica xa era /i/ antes de que se inserise /N/, véxase Santamarina 1974: 55-56 e 64), mentres que a elevación na P2 Singular débese á metafonía que exerceu un antigo /i:/ latino que aparecía na concatenación de afixos *-īs-tī* que deu orixe ó galego *-ches* (véxase Santamarina 1974: 55). Moitos procesos morfofonémicos que se adoitan postular como sincrónicos son case sempre paralelos ós cambios históricos que dan orixe ás formas de palabra que se quere analizar. Por esta razón podemos falar de que o expoñente /a/ de Copretérito eleva a vogal temática /e/ a /i/ (véxase Santamarina 1974: 53). Con todo, o que nos interesa é a explicación sincrónica das alternancias, porque os falantes non teñen unha gramática histórica na cabeza e o que se

pretende na descrición sincrónica é mostrar o coñecemento actual que os falantes teñen da lingua; polo tanto, a explicación sincrónica non ten por que seguir a diacrónica. Polo de agora, non me pododo decidir nesta cuestión. En principio direi, provisoriamente, que a vogal temática /e/ no nivel morfofonémico correspóndese coa vogal /i/ no nivel fonémico cando V está determinado polos conxuntos de propiedades morfosintácticas a que se refiren (14) e (15)¹⁰.

Outra vez, son os cambios que padecen as vogais temáticas os que teñen utilidade na morfoloxía flexiva, pero non as vogais en si, que seguen sendo requiridas pola condición de (12). Este uso flexivo vese máis claramente no caso de *fun ~ fuches*, formas atemáticas en que é a alternancia da vogal radical o que ten valor flexivo, sen que a vogal radical perda por iso a súa natureza léxica como elemento constituínte do tema verbal.

Finalmente, no caso de (13c) observamos simplemente como actúan regras de alternancia fonémica do tipo (β). Debido a outra condición de boa formación fonolóxica, o segmento /i/ non pode ocupar un núcleo silábico postónico, polo que fai falla unha regra fonolóxica de reaxuste que adapte o resultado de (12) ás restricións fonolóxicas de superficie propias da lingua galega:

- (16) /i/ no nivel morfofonémico correspóndese con /e/ no nivel fonémico cando ocupa un núcleo silábico en posición postónica.

É claro que o principio de (16) é enteiramente fonolóxico. Como sinala outra vez Antón Santamarina:

El comportamiento de la vocal temática está comprometido por el acento. En aquellas personas en que es tónica (P⁴, P⁵) la vocal aparece inconfundible. En los casos en que es átona (P², P³, P⁶) sólo se mantiene en la CI puesto que /a/ aun en posición átona no se neutraliza con ninguna otra vocal. En las CII y CIII las vocales temáticas /e/ e /i/ se neutralizan ambas en /e/ (1974: 14).

Polo tanto, e outra vez, o valor flexivo das alternancias /i/ ~ /e/ nos verbos regulares da C-III (e.g. *partes* vs. *partimos*) non se debe á existencia da vogal temática, que é un requirimento de (12), senón que neste caso é o resultado de procesos fonolóxicos regulares. No fondo, a alternancia *partes* ~ *partimos* é semellante á que observamos en *pas* ~ *paces* nos dialectos de seseo posnuclear: nestas parellas, o

¹⁰ Realmente, estamos presenciando cómo decrece a naturalidade fonolóxica dos procesos morfofonolóxicos. Ordenados de máis a menos naturais, temos que o cambios /ai/ > /ei/ e /au/ > /ou/ son os máis motivados na fonoloxía sincrónica do galego; pola súa parte, o cambio /ea/ > /ia/ está menos motivado; finalmente, a elevación /e/ > /i/ de *comín* ~ *comiches* e de /o/ a /u/ en *fun* ~ *fuches* carece de toda motivación fonolóxica sincrónica.

segmento fricativo dental alterna cun segmento fricativo alveolar en virtude de condicións estritamente fonolóxicas; aínda que esta alternancia permite distinguir a forma de palabra do singular *pas* da forma de palabra do plural *pac-es*, non ten unha motivación flexiva, senón que resulta dun proceso condicionado pola fonoloxía actual desas variedades lingüísticas, e esta alternancia pode ser empregada/interpretada para facilitar a diferenza entre Singular e Plural.

4. Conclusións

Neste traballo tentei demostrar o carácter primordialmente léxico da vogal temática dos verbos. Para iso, tiven primeiro que mostrar que a súa inserción non se debe a un proceso flexivo, pois non é un elemento requirido polas estruturas sintácticas en que se insire o verbo nin a súa inserción repercute en ningunha das unidades que se enxertan nas expansións sintácticas do verbo (sexan frases verbais, sexan oracións); de feito, a vogal temática non se relaciona con ningunha propiedade morfosintáctica.

En segundo lugar, tiven que mostrar que os usos na flexión da vogal temática son secundarios e indistintos, por exemplo, dos usos flexivos da raíz dos verbos, elemento xeralmente relacionado máis coa compoñente léxica ca coa sintáctica.

En terceiro lugar, tiven que mostrar que tódolos comportamentos anómalos das vogais temáticas (tanto a súa ausencia coma as súas alternancias formais dentro de cada paradigma) poden ser explicados a partir de diferentes tipos de procesos fonolóxicos, nomeadamente, procesos morfofonémicos ou procesos fonémicos. Incluso a propia existencia da vogal temática resulta dunha condición de boa formación fonolóxica dos temas verbais, que requiren ser rematados en /a/, /e/, /i/, de xeito que a vogal temática nin é o morfo de ningún morfema nin o significante de ningún signo, senón un mero formante do significante do signo en que aparece.

En definitiva, todas estas razóns mostran ó meu xuízo a natureza primariamente léxica da vogal temática dos verbos galegos.

Bibliografía

- Álvarez, R. / Xove, X. (2002): *Gramática da lingua galega* (Vigo: Galaxia).
- Álvarez, R. / Monteagudo, H. / Regueira, X. L. (1986): *Gramática galega* (Vigo: Galaxia).
- Anderson, S. R. (1988): “Morphological theory”, en Newmeyer, F. J. (ed.): *Linguistics: the Cambridge survey*. Vol. 1. *Linguistic theory: foundations*: 146-191 (Cambridge: CUP).

- Anderson, S. R. (1992): *A-morphous morphology* (Cambridge: CUP).
- Beard, R. (1998): “Derivation”, en Spencer, A / Zwicky, A. (eds.): *The handbook of morphological theory*: 44-65 (Oxford: Blackwell).
- Dubert García, F. (1999a): *Aspectos do galego de Santiago de Compostela* (Santiago de Compostela: Universidade).
- Dubert García, F. (1999b): “Máis sobre o rotacismo de /S/ en galego”, en Álvarez, R. / Vilavedra, D. (coords.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Vol. 1: 367-387 (Santiago de Compostela: Universidade) (Edición dixital en: <http://web.usc.es/~fgdubert/rotacism.pdf>).
- Dubert García, F. (2001): “A alomorfía do artigo definido galego á luz da fonoloxía prosódica”, en Regueira, X. L. / Veiga, A.: *Da gramática ó dicionario. Estudos de lingüística galega*: 91-105 (Santiago de Compostela: Universidade). (Edición dixital en: <http://web.usc.es/~fgdubert/prosarti.pdf>).
- Fernández Rei, F. (1998): “Vocal temática e conxugación verbal. A expresión da clase mórfica en español, catalán e galego moderno”, en Kremer, D. (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, Vol. 2: 591-613 (Vigo: Galaxia).
- Freixeiro Mato, X. R. (2000): *Gramática da lingua galega. III. Morfosintaxe* (Vigo: A Nosa Terra).
- García-Miguel, J. M. / C. Cabeza (2000): “Sintaxe”, en Ramallo, F. / Rei-Doval, G. / Rodríguez Yáñez, X. P.: *Manual de ciencias da linguaxe*: 543-584 (Vigo: Xerais).
- González Seoane, E. X. (1999): “A derivación verbal isocategorial en galego”, en Álvarez, R. / Vilavedra, D. (eds.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe a Xesús Alonso Montero*. Vol. 1: 473-500 (Santiago de Compostela: Universidade).
- Jackendoff, R. (2002): *Foundations of Language* (Oxford: OUP).
- Martinet, A. (1991): *Éléments de linguistique générale* (Paris: Colin).
- Mateus, M. H. Mira / Andrade, E. d' (2000): *The phonology of portuguese* (Oxford: OUP).
- Matthews, P. H. (1991): *Morphology* (Cambridge: CUP).
- Mohanan, K. P. (1995): “The organization of the grammar”, en Goldsmith, J.: *The handbook of phonological theory*: 24-69 (Oxford: Blackwell).
- Pena, J. (1990): “Sobre los modelos de descripción en morfología”, *Verba*, 17: 5-75.
- Pena, J. (1991): “La palabra: estructura y procesos morfológicos”, *Verba*, 18: 69-128.

- Porto Dapena, X. Á. (1972): “Encol da estrutura do verbo galego”, *Grial*, 35: 13-28.
- Santamarina, A. (1974): *El verbo gallego* (Santiago de Compostela: Universidade).
- Stump, G. T. (1998): “Inflection”, en Spencer, A. / Zwicky, A. (eds.): *The handbook of morphological theory*: 13-43 (Oxford: Blackwell).
- Trask, R. L. (1993): *A dictionary of grammatical terms in linguistics* (London: Routledge).
- Trask, R. L. (1996): *A dictionary of phonetics and phonology* (London/New York: Routledge).
- Trask, R. L. (2000): *The dictionary of historical and comparative linguistics* (Edinburgh: Edinburgh University Press).